

INSTRUCCIÓN N.º 3/2024	DATA: na data da sinatura electrónica
ÓRGANO EMISOR: SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE (Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade) DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO E ORIENTACIÓN (Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade)	
DESTINATARIOS: - Oficinas de emprego - Servizos de Orientación e Promoción Laboral das Xefaturas Territoriais: Persoas coordinadoras de VVX - Subdirección xeral do Servizo Público de Emprego de Galicia (Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación) - Entidades locais beneficiarias das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero - Unidades Administrativas de Igualdade das Xefaturas territoriais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade - Subdirección xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero (Secretaría Xeral da Igualdade)	
ASUNTO: Regular o procedemento de selección das traballadoras a contratar ao abeiro da Resolución do 27 de decembro de 2023 da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2024.	

INSTRUCCIÓN

O artigo 8 da Resolución do 27 de decembro de 2023 da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, e se convocan para o ano 2024, establece que para facilitar a selección de candidatas, a Secretaría Xeral da Igualdade e o Servizo Público de Emprego de Galicia elaborarán unha instrución conxunta que se fará pública na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

O mesmo artigo 8 recolle que: *"Para a selección das traballadoras, as entidades beneficiarias das subvencións previstas nesta resolución poderán contactar coa oficina de emprego asignada para a*



presentación da correspondente oferta, e solicitarán a relación de candidatas segundo os requisitos de perfil profesional que determine a entidade local e tendo en conta que todas as candidatas deben posuír a condición de vítimas da violencia de xénero. Poderán presentarse ofertas nominativas sempre que se cumpran os requisitos fixados nesta Resolución.

Para a selección de candidatas, as entidades beneficiarias das subvencións poderán establecer liñas de colaboración cos Centros de Información á Muller, os centros da Rede Galega de Acollemento, o Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero, os servizos sociais e calquera outro servizo público que traballe no eido da violencia de xénero, aos efectos de propoñer participantes para a súa contratación, sempre e cando estas reúnan os requisitos recollidos no artigo 6.

Todas as entidades indicadas no parágrafo anterior deberán dar cumprimento á normativa de protección de datos persoais, en concreto ao disposto no Regulamento (UE) núm. 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (Regulamento xeral de protección de datos), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa concordante."

Así mesmo o artigo 10 establece que "tanto no caso de extinción, como de substitución por suspensión do contrato, a selección da persoa substituta deberá levarse a cabo de acordo co disposto no artigo 8 desta resolución".

As mulleres finalmente seleccionadas serán identificadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia e non poderán participar noutras medidas activas de emprego que se consideren incompatibles coa participación en programas de inserción laboral como o regulado nesta Resolución.

Para os efectos de regular polo tanto o procedemento de selección, dítase a presente instrución.

1.- TRABALLADORAS A CONTRATAR

O artigo 6 da Resolución do 27 de decembro de 2023 establece que " As persoas destinatarias finais das subvencións reguladas nesta resolución serán as mulleres que sofren violencia de xénero, incluídas as mulleres vítimas que padeceran violencia vicaria e mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual ou explotación sexual inscritas como demandante de emprego ou como mellora de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia", e aclara que "para os



efectos desta Resolución, entenderase por mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia todas aquelas que acrediten a situación de violencia a través de calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero" e tiveran cesado a relación de convivencia co agresor.

Polo tanto, todas as mulleres das que se propoña a contratación deberán ser vítimas de violencia de xénero e reunir os seguintes requisitos:

- 1.- Estar inscritas como demandantes de emprego independentemente da súa situación laboral no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- 2.- Ter cesado a relación de convivencia co agresor.
- 3.- Acreditar a situación de violencia a través de calquera das seguintes formas (artigo 5 da Lei 11/2007):
 - a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou secretario xudicial da propia orde de protección ou medida cautelar.
 - b) Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na presente lei.
 - c) Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
 - d) Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
 - e) Informe do Ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
 - f) Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
 - g) Calquera outras que se establezan regulamentariamente.

Para a dita acreditación da condición de vítima, recórdase a incorporación do novo modelo único (para todo o territorio estatal) de acreditación da condición de VVX, aos efectos dos dereitos laborais e prestacións da Seguridade Social regulados no Capítulo II do Título II da Lei Orgánica 1/2004 do 28 de decembro de medidas de protección integral fronte a violencia de xénero, e de conformidade co artigo 23 da Lei orgánica 1/2004 do 28 de decembro de medidas de protección integral fronte a violencia de xénero.



Debe lembrarse que o mesmo artigo 6 establece no último parágrafo do seu punto 2" en todo caso, a documentación acreditativa da situación de violencia de xénero debe estar emitida ou asinada no prazo dos 24 meses anteriores á data de presentación da correspondente oferta por parte da entidade contratante na oficina de emprego ou á data de contratación."

Se as medidas contidas na sentenza ou na orden de protección están en vigor, non opera o devandito límite temporal.

2.- ENTIDADES LOCAIS BENEFICIARIAS DA SUBVENCIÓN

Segundo dispón o artigo 5 da Resolución do 27 de decembro de 2023, poderán ser beneficiarias das subvencións previstas nesta resolución os concellos galegos, mediante solicitude individual ou mediante solicitude conxunta de agrupación ou asociación de concellos, mancomunidades de concellos de Galicia e consorcios locais de Galicia, constituídos exclusivamente por concellos, así como as entidades resultantes dunha fusión municipal.

3.- PROCEDIMENTO PARA A SELECCIÓN

A partir do momento de comunicación da resolución de concesión por parte da Secretaría Xeral da Igualdade, as entidades locais beneficiarias poderán iniciar o procedemento de selección das mulleres demandantes de emprego a contratar, segundo os apartados seguintes.

A. Comunicación das resolucións de concesión de subvención:

A Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero da Secretaría Xeral da Igualdade comunicará ao Servizo Público de Emprego, a través das coordinacións provinciais de VVX das xefaturas territoriais, así como ás Unidades Administrativas de Igualdade, a concesión de subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero por parte das entidades locais, identificando cada unha das que van levar a cabo a dita contratación e especificando o número de mulleres a contratar por cada entidade.

B. Coordinación do procedemento de selección e selección das mulleres candidatas:

Unha vez ditada resolución favorable, dende a Secretaría Xeral da Igualdade indícaráselle ás entidades que deberán poñerse en contacto coa persoa coordinadora de VVX da correspondente provincia. Esta, de común acordo coa persoa/s directora-coordinadora das oficinas de emprego da súa provincia asignará a persoa titora de referencia na oficina de emprego que lle corresponda, preferentemente segundo o seu ámbito territorial, e para os



efectos de coordinar o proceso de selección das mulleres participantes: requisitos da oferta, supervisión de incidencias, etc.

As entidades locais poderán realizar a selección sen necesidade de realizar buscas no Servizo Público de Emprego (punto 3.1) ou ben acudir ao SPEG para realizar a busca das candidaturas (punto 3.2). Ambos procedementos son compatibles.

En ambos procedementos de selección e ao tratarse dun contrato de traballo temporal coas cláusulas de interese social ten que haber un número de oferta de emprego rexistrada no Servizo Público de Emprego de Galicia.

3.1 SELECCIÓN SEN REALIZAR SONDAXES NA OFICINA DE EMPREGO

Se a entidade local non vai realizar a busca de candidatas a través da oficina de emprego, senón a través de colaboración con calquera das entidades recollidas no punto 2 do artigo da Resolución (CIMs, servizos sociais, etc); unha vez seleccionada a candidata ou candidatas, e previamente á contratación, a entidade local beneficiaria procederá a remitir, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>- Procedemento SI461A), os seus datos á Secretaría Xeral da Igualdade, segundo modelo que figura como Anexo II desta instrución, convenientemente asinado por cada unha das candidatas, aos efectos de comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos na Resolución de convocatoria. Se non autorizasen a comprobación, xunto co Anexo II deberá achegarse a documentación acreditativa de que as ditas mulleres cumpren os requisitos do artigo 6 da dita resolución.

Unha vez comprobados os requisitos das candidatas e con carácter previo a contratación, a entidade local achegará á oficina de emprego asignada:

- O anexo da resolución
- Unha listaxe das persoas candidatas a efectos de que a oficina rexistre unha oferta tipo A sen difusión, vincule nominalmente ás candidatas e facilite o número da oferta á entidade local.

3.2 SELECCIÓN A TRAVÉS DA OFICINA DE EMPREGO

Cando a entidade beneficiaria opte por realizar a selección mediante buscas na oficina de emprego, dirixirse á oficina asignada, levando, de xeito obrigatorio o anexo da resolución de concesión, no que se incluírán os seguintes datos:

- a. Número de mulleres que van contratar: este número é o que determinará o número de candidatas a remitir que será de unha ata tres candidatas por posto (a elección da entidade); de



ser preciso, repetiranse tantas sondaxes e buscas como sexa necesario co límite indicado anteriormente ata que os postos ofertados sexan cubertos

b. Tipo de persoas participantes do programa: As persoas a seleccionar pertencerán preferentemente ao colectivo de "mulleres vítimas de violencia de xénero", identificado no aplicativo SICAS pola condición especial de persoa física cun código 01 "Vítima de violencia de xénero".

As entidades locais beneficiarias tamén poderán seleccionar mulleres que estean inscritas como demandantes de emprego e que acrediten a condición de vítima de violencia de xénero segundo o artigo 5 da Lei 11/2007, pero que non teñan anotada a condición especial 01 nin teñan interese en tal anotación. Neste suposto, as entidades proporán á vinculación nominal das candidatas sendo a Secretaría Xeral da Igualdade a encargada finalmente da comprobación dos requisitos.

c. Tempo de duración da contratación (mínimo 4 meses).

Procedemento

O procedemento de selección pactarase dende a entidade beneficiaria co titor de referencia e a persoa técnica de ofertas da correspondente oficina de emprego, que realizará as actuacións que considere oportunas para concluír con éxito a selección indicada.

A selección realizarase a través dunha oferta tipo A, se ben as buscas poderán realizarse por sondaxe de oferta, busca parametrizada, sondaxe libre ou vinculación nominal. Por norma xeral, as ofertas realizadas ao abeiro desta instrución non se difundirán pola súa consideración de política activa de emprego, salvo que a oficina o considere necesario.

A entidade poderá optar pola proposta directa de candidatas mediante vinculación nominal á oferta, para o que a entidade beneficiaria propoñerá directamente candidatas á oficina de emprego, aos efectos da correspondente identificación pola oficina de emprego cos códigos específicos que sexan precisos para a mesma.

En resumo, segundo o previsto na Resolución do 27 de decembro de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, o colectivo a atender e a súa forma de selección autorizada será o seguinte:

COLECTIVO	FORMA DE SELECCIÓN	ACREDITACIÓN
Mulleres coa condición de	Oferta tipo A /busca	Demanda de emprego (para os



vítimas de violencia de xénero	parametrizada/sondaxe/Vinculación nominal	casos de non confidencialidade) Titor/a específico da OE nos restantes
--------------------------------	---	--

Desenvolvemento da selección con busca en oficina de emprego

A oficina de emprego facilitará a entidade beneficiaria a relación de candidatas aos efectos de que esta realice a selección definitiva. No caso de mulleres que teñan establecida na súa demanda a confidencialidade de datos, será o/a titor/a desta quen facilitará a comunicación entre a entidade e a muller VVX para permitir a selección correspondente.

Unha vez recibida a relación de candidatas, a entidade beneficiaria contactará coas ditas candidatas aos efectos de verificar o seu interese en participar no programa. Transcorridos dez días hábiles dende a dita recepción, a entidade local beneficiaria deberá remitir á oficina de emprego unha relación co estado de cada unha das candidatas ("seleccionada" ou "non seleccionada" segundo proceda), segundo o modelo que figura como Anexo I a esta Instrución.

O proceso repetirase no caso de que a entidade solicite novas candidatas.

Finalización da selección:

Unha vez finalizada a selección de candidatas, e previamente á contratación, a entidade local beneficiaria remitirá á Secretaría Xeral da Igualdade (Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (Procedemento SI461A), o modelo que figura como Anexo II, convenientemente asinado por cada unha das candidatas, aos efectos de comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos na Resolución de convocatoria. Se non autorizasen a comprobación, xunto co Anexo II deberá achegarse a documentación administrativa de que as ditas mulleres cumpren os requisitos do artigo 6 da dita resolución.

4.- VISTO E PRACE PARA A CONTRATACIÓN:

Feitas todas as comprobacións oportunas, dende a Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero indicarase á entidade beneficiaria cales son as candidatas que cumpren os requisitos para que proceda á súa contratación.

Unha vez realizadas a contratación das candidatas por parte das entidades locais beneficiarias, e independentemente da súa forma de selección, a Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero da Secretaría Xeral da Igualdade comunicará as ditas contratacións ao



Servizo Público de Emprego de Galicia, a través das coordinacións provinciais de VVX, para os efectos de identificalas no aplicativo SICAS.

5.- PROTECCIÓN DE DATOS

Todas as entidades deberán dar cumprimento á normativa de protección de datos persoais, en concreto ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (Regulamento Xeral de Protección de Datos) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas usuarias participantes nas actuacións subvencionadas trataranse pola Secretaría Xeral da Igualdade na súa condición de responsable, coa finalidade de xestionar o adecuado desenvolvemento desta Resolución e poderán ser comunicados ás administracións públicas competentes cando sexa necesario para a tramitación do procedemento. A base lexitimadora do tratamento é a realización dunha misión de interese público e o consentimento das persoas interesadas, que poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Contacto delegado de protección de datos e máis información en <https://www.xunta.gal/protección-datos-persoais>.

As entidades serán responsables de informar de maneira fidedigna ás destinatarias finais, do tratamento que levarán a cabo sobre os seus datos conforme ao especificado no artigo 13 do Regulamento xeral de protección de datos, así como dos aspectos incluídos no parágrafo anterior, recabando o seu consentimento explícito ao efecto. Así mesmo, as entidades serán responsables de custodiar a documentación que acredite o cumprimento destes deberes.

Santiago de Compostela na data da sinatura electrónica



ANEXO I

SUBVENCÍONS DESTINADAS AO FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS COMUNICACIÓN RESULTADO SELECCIÓN CANDIDATAS

Ao abeiro da Resolución do 27 de decembro de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2024, a Entidade local <DENOMINACION ENTIDADE>, con NIF/CIF<Nº NIF/CIF>, comunica que o resultado da selección de candidatas remitidas por esa oficina de emprego foi o seguinte:

OEX que realiza a sondaxe: /

Número de Oferta: /

RELACIÓN DE CANDIDATAS

Nº	NIF	APELIDOS	NOME	RESULTADO (sinalar o que proceda)	OFICINA DE EMPREGO NA QUE ESTÁ INSCRITA
1				<input type="checkbox"/> SELECCIONADA <input type="checkbox"/> NON SELECCIONADA	
2				<input type="checkbox"/> SELECCIONADA <input type="checkbox"/> NON SELECCIONADA	
3				<input type="checkbox"/> SELECCIONADA <input type="checkbox"/> NON SELECCIONADA	

*Inserir tantas filas como sexa preciso

Lugar e data

Nome e apelidos da persoa responsable da entidade.

Sinatura



ANEXO II

COMUNICACIÓN Á SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE DE CANDIDATA/S SELECCIONADA/S PARA COMPROBACIÓN DO CUMPRIMENTO DE REQUISITOS NA RESOLUCIÓN DE FOMENTO DA CONTRATACIÓN NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO
SUBVENCIÓNS DESTINADAS AO FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE MULLERES VVX NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS	SI461A

Unha vez finalizada a selección de candidatas por calquera dos procedementos establecidos nos apartados **3.1 e 3.2** desta instrución, e previamente á contratación, a entidade local beneficiaria remitirá á Secretaría xeral da Igualdade (Subdirección xeral para ao Tratamento da Violencia Xénero), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, a relación de candidatas seleccionadas, xunto coa sinatura de cada unha delas, que autorice á comprobación dos datos aos efectos de verificar o cumprimento dos requisitos establecidos na Resolución de convocatoria.

Se no autorizasen a comprobación, xunto co anexo II deberá achegarse a documentación acreditativa de que as ditas mulleres cumpren os requisitos do artigo 6 da dita resolución.

As interesadas, mediante a súa sinatura, autorizan á Secretaría xeral da Igualdade á comprobación dos seus datos aos efectos de verificar o cumprimento dos requisitos establecidos na Resolución de convocatoria que se marcados no cadro correspondente No caso de que as interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos acreditativos deles					
NOME E APELIDOS DA/S CANDIDATA/S SELECCIONADA/S	NIF	COMPROBACIÓN DE DATOS		DECLARACIÓN RESPONSABLE	SINATURA DA/S CANDIDATAS SELECCIONADAS
		Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas, de ser autorizado pola interesada.	OPÓÑOME Á CONSULTA		
		<input type="checkbox"/> Estar inscrita como demandante de emprego ou de mellora de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia. <input type="checkbox"/> A condición de VVX segundo o artigo 5 Lei 11/2007	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> Declaro ter cesado a relación de convivencia segundo o disposto no artigo 6.2 da convocatoria.	

Cubrirase un anexo para cada contratación



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Secretaría Xeral da Igualdade
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de Procedementos e Servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarios dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais
Actualización normativa: No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento Xeral de Protección de Datos.	

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 27 de decembro de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2024.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de		
--	---	--	----	--	----	--	--

